

NÚMERO e

**Estíbaliz...Espinosa**

♦edición persoal♦

2001



asomados ao infinito  
autómatas  
100%

*número e*

poemas entre 1999/2001

**Estíbaliz... Espinosa Río**



imaxe da capa: Gardens in a Petri do Prof. Eshel Ben-Jacob, Universidade de Tel-Aviv



*número e* obtivo o *X Premio Espiral Maior de Poesía*  
do ano **2001** e publicouse na editorial Espiral Maior  
en 2004

e a ti, que non me coñeces

disfrazada de min mesma a miña única razón de escritura é chegar a ti. Por desabastecida busco o número, a súa contradicción marabillosa, a distancia capaz. É a distancia capaz de abastecer beleza. É a nosa propia parodia capaz. Cyborgs de nós memos, prolongacións que me amo, os poemas. A nosa parte de metal que procura carne, a nosa carne un tanto infinita. Os números contaxian de certa divindade, de certa abstracción. Pero moi por debaixo, o paradoxo deste número e só me alía a min mesma con esa secreta intención de alcanzarte. A ti, que quizais nin naciches

aquí había unha cita que esquecín

miña infinito



Como partir en dous un infinito?

libro [inventado] das partillas

CANDO conte dez chegarás ás miñas palmas.

Vou facelo tan docemente que esquecerás cada número anterior, ~~a súa liña tachada.~~

Vou facelo tan docemente que non saberás qué man é esta.

Tan docemente.

Vou empezar coa túa lingua partida.

E digo UN.

agora as aves dispútanse esa lingua

Vou seguir de costas, anunciando o que os teus ollos rompen.

E digo DOUS.

hai algo malo en todo isto. Esta dor pola dor. Pero, é que non hai ninguén?

Vou seguir como unha inédita que dixese *vou seguir*.

E dixese TRES.

E nada soubese, salvo sentirse viva.

Dicindo CATRO.

A sucia lei de que fagamos de nós mesmos, cimento.  
E van CINCO.

Cál é este mundo que invoco

Prométoche un libro de versos que falará da  
demagogia de ser ti.  
E será o SEIS.

Haberá un acordo sen recordo. Un baile no que  
presentirei pasado e  
porvir.  
E digo SETE.

Perder as nosas máscaras. E por debaixo funcionará  
esta palabra.  
Anque sexa OITO.

Anque sexa OITO e todo o saber se me precipite en  
forma de caída  
de vómito.  
Anque sexa NOVE.

Anque sexa NOVE e eu ame esa indolencia. Porque teño a certeza final de que malia min mesma, serás. De que serás e con trampa serás.

E amareite porque me amas.

De que serás.

Cando as palabras miñas importen pouco, moi pouco.

De que serás.

O número final desta última frase.

Estás *aquí*...

*Voilà.*

E digo DEZ.

NON teño ganas de ser outra persoa  
non me sei o papel e o traxe séntame fatal  
séntame como se eu non fose raíña e tivese que  
escarvar entre a terra unha coroa

hoxe hei ser eu  
non queda outra

non queda outra e é tremendo o desenlace  
non hai gonerill que valla, nin desdémona  
nin verso que me salve e, desta vez, ninguén  
o espello é o planeta no que habito así de esta  
así de soa

menos indios os ollos sen pintura  
menos curva a boca  
e non sei qué palabra debo dicir agora  
non podo, non lembro, non lembro o texto

esquéceme o texto

e engurrar un pano mollado para secarme a fronte  
é unha delicada inversión de pareceres

quen es ti, por deus?

a maquillaxe, esa fácil disposición para a entrega  
os postizos, mesturados cos nomes que prometín  
saber

(era ariel? nikolai? otelo?)

un pano de papel leva a túa cara, como unha  
verónica que descortiza un rostro  
para reconstruílo máis tarde na imaxinación das  
xentes.

só ser un reducto da imaxinación

así loita ela por borrarse

*... e o set deshabitado deshabitado para ti  
meu ti inventariado nunha caixa que vai noutra caixa  
a fe do escuro*

*a maxia do escuro.            Querería ese teatro de  
mago Maskelyne chorando no seu camerino porque o  
Robot que argallou é máis grande ca el,  
do que non se ve, do que non se le, algo agarda  
anicado nesta páxina para morderte en canto leas*

*E LES QUE*

*estás nun lugar con terra escrita  
[con terra escrita, repito, escrita]*

*na terra hai cinzas que se reagrupan  
que o fan por ti  
escombros revolvéndose coa terca intención dunha  
casa  
vexo anacos de mazá que reasumen o seu enteiro  
zapatos desempoándose, engulindo finos pés*

*a chatarra dispónse ordenadamente en motores e  
mecanismos de pulseira  
en indicadores de dirección: posteridade, por aquí*

*alisan as cicatrices  
os muros trepan a vertical que souberon ser*

*a tachada sinatura nun papel de novo a muller de  
intachable rostro, inclinada sobre o libro que asina  
poñendo cada víscera nun prato*

*a nada volve ser todo  
o sangue que salpica a terra se reconduce cara a  
enramadas arterias  
as coroas procuran cabezas  
e as cabezas, pescozos de corte limpo*

*quedaré aínda unha mentira devecendo por palabras  
que a conteñan  
un corazón parecido que busque o seu pálpito entre  
as brasas*

*o vento vai do revés e volve alzar a escena*



*estás no set de rodaxe dunha película que é túa  
os americanos aprendéronche a crer cegamente – o  
xeito único de crer- na historia universal en 35 mm  
era i é deliciosa a maneira de ser mentiras para  
sempre  
que cinismo cegador, que materia para un libro  
así, eu sei que había un verso prodixioso pero no set  
accionaron a máquina da néboa  
e perdino, perdino para sempre*

*[...]*

*non creo no meu creador pero seime criatura  
sei que son grande, pero non sei exactamente cal*

libro dos cyborgs  
seresparcialmenteincompletos

## cadeira de afogar por inmersión

[tormento do século XVII]

*xa que sabía que lerías isto*

polo fondo deste poema resiste a miña vida  
a miña vida que é grandiosa e que non quero contarche

resiste, resiste  
e a punta do seu iceberg é esta letra, é este punto.  
porque ti saberás máis dela ca min, e iso non conforta

o meu trono é incómodo, pero reino  
e o que importa, xa o sabes, vai no glamour destas palabras

o glamour: ansíote así, e tanto, que sairía deste papel  
para te bicar nos ollos

eu, unha fraude de filantropía

pero non sabes quen son eu cando abandono as  
palabras

e íspome para o antroido, coidadosa, ferozmente

non sabes quen son eu cando deixo esta cadeira

veño dun idioma no que é tamén o lugar do corpo que  
adoramos

cadeira de afogar por inmersión, para que confese

e non penso dicirche nada, nada, nada

e non sabes quen son eu se caio a rolos deste trono

o meu trono é incómodo, pero eu reino

creme. cando saio exectada desta nave

o que ven os meus ollos de linda cosmonauta

e vou correndo cara o mundo, como enferma

e vou correndo cara o mundo, como enferma

e vés correndo cara min,

e non o sabes

ATRAVESAR a terra ata dar contigo, dicía o guión,  
pero a arte sempre avanza noutra parte  
igual a ti, prezado clon do meu desexo,  
e este placebo do número faime ansiar un montecarlo  
onde descansarme o nome  
[placebo do meu placer, nome placebo]

Dous dedos de terra sobre o mapa

o que separa a miña voz  
do resto do cosmos cego e mudo.

Vou neste bus cara a unha cidade do Sur  
vou hoxe mércores cara a un xoves

tamén vou cara o que talvez non dirás  
cara o descaro que me anuncia  
astuta e fría coma a cifra  
estalando entre as mans, coma alfabeto

vou cara a lexítima fraude de ser filla de quen son

cara a colisión coa vida vou cara os astros que me ignoran a vida,

co aire distante do que nunca nos deixa

a total identidade, a que me lanza e crava o seu coitelo no circo

vou cara os fillos dos fillos, a cara das caras

fotos que emerxen de min, serpentinas, cristais, criaturas,

vou cara soños deformes, cara o que non ten cara unha instantánea de min mesma termando deste poema que non me contén a min mesma

vou cara ao número vinteseite, cara transicións no meu nome

cara a un cambio no disfraz

cara unha existencia mordida pola infancia cara argucias coma ti desafiando o olvido

cambiarei de rostro e camiñarei núa entre vós

enredada nos cables da noite toco a miña  
sensualidade aberta  
vou cara a usurpación total pola palabra

cara a comprensión de que nada é comprender de  
que arderei coa miña casa por dentro da miña casa  
cara a rotura das cuncas cara as cartas que  
recomporei

vou cara fetos exculpados cara atlántidas absoltas e  
vans esvaecendo

vou a 100 quilómetros por hora cara a unha  
instantánea do seu rostro

ollos hiperbólicos e cerebros máis grandes  
predispóñense cara onde eu vou

o misterio de stonehenge e manifestacións nas rúas e  
decisións e odios e caravanas e melodías afacéndose  
a existir e maceiras que aínda son mazá e debuxos  
cuxo lapis está aínda por fabricarse e gafas inmensas  
para ver o mar

vou agrandándome nos ollos coa única violencia que  
me necesita

con qué razón debemos decir *ollai*

PREGUNTARANME incordiaranme fabricaranme  
tesoiras cos meus propios ollos  
e nunca nunca cortarei o pelo

unha vez tiven un planeta  
a me rodar cabelo abaixo



...AÍNDA que o número sexa un ollo imposto. Por máis que mires en min, nada verás que non sexa parcial, exento.

Nacerei coa lingua partida.

Cun lado direi a verdade qué cousa é a verdade  
con outro a mentira esta mentira forma parte doutra maior

Nacerei da dependencia.

Un cordón que non me illa de todo. E un terrible dano cerebral.

Pequena, diminuta estíbaliz, con ese nome tan bonito que tes,  
mira que levas as mans cheas de talentos  
mira que isto é o máis parello a ser ti.

Pero xa nacín.

E que, agora?

Onde podo cambiar estes cables, o virxinal óvalo do meu rostro, os capilares que me entrelazan ao que xa foi?

Miña nena, onde poderás quitar os ollos mornamente sen que ninguén aquí sufrira demasiado?

Nesa inmensa coloración da lava. Na tóxica trampa de saberme única. Na toxicidade.

A canteira onde refacer.

UNHA pénsase a unha  
 percórrese coa punta dos matices lupa a lupa coma  
 aos corpos á deriva dun desexo  
 matínase de *matiné* e no solpor soporízase  
 autoatándose entre a franqueza e unha desolada  
 comprensión  
 de máscara tirada no chan dun camarino

así fun pensada eu  
 así foi domeada esta parte enferma e inservible para  
 poñerse de lado e  
 esquematizarse  
 así foi predita cada frase en cada intre  
 anque todo o leite se me fose fóra no principio do  
 principio

pero non todo o que hai de min foi meditado  
 perversións e grandes crimes puideron ter quedado  
 fóra

a miña forma de rir  
cómo me movo nos soños  
ou este ollo que reivindica lobo

e pensar que non saberei xamais ata qué punto  
pensei estas palabras

*para meu irmán*

LEVO agardando por este verso dende que nacín  
gracias por darmos enteiro nesta tarde de ceo  
escandinavo  
tras da fiestra sucia

sempre os versos amoreados tras da fiestra por fóra  
da fiestra  
gracias, fiestra, polo vidro panorámico

gracias, retina, por retelo en ti [*sei que debo retelo,  
señor rilke*]  
gracias, señor rilke, polo anxo *enfermoso*

gracias, malevos anxos, por vivir fóra do sexo e  
dentro del  
gracias, nubes, por facerme crer no ceo  
teorías, por facerme crer no ser

montaigne, por esperar que nunca te lea  
euskera, porque non se me ocorre que non existas  
miniaturas, por celebrar o universo tralo ollo dunha  
agulla  
moedas, por ir de man en man

gracias, corrección, por embotellar para min a bebida  
que ansío  
e que é o teu antídoto exacto con extracto de  
irreverencia  
reverencias a ti, constelación de orión, por ser a  
única que distingo no ceo  
e a ti, nebulosa de orión, por parecéreste a min  
e a ti, barbie, polo candor da soberbia  
e a ti, matrioshka, por me conter incluso a min

gracias á inecuación que nos despexa incógnitos e  
desiguais  
a galileo e a arquímedes por amarse sen sabelo

gracias ao número 25 por seguir sendo 25  
tanto na marabilla como na cifra de mortos  
ou no ordinal desta liña na configuración deste  
entramado

polas túas liñas, tamén liñas, *maclet* ou *romeylock* ou  
*otelear*, tanto ten, gracias

gracias, ferido de punta de ausencia, por dicir *sei*  
*quén son e quén podo ser*

gracias aos que non escriben

aos que arden corren transitan

á atlántida por non existir

ao vermello por vermellar

ao intre por transcorrer

lei, por amosar o camiño de desandarte, gracias

neneno, por saber camiñar cara atrás, gracias

luz, por ser onda e partícula e lus a un tempo, gracias

infinitas gracias aos puntos infinitos

que fan unha recta que sae da pizarra dunha clase de  
cuarto curso nun colexio derruído anos máis tarde

e a recta aínda non chegou ao seu final

pasou por riba dos entullos e os obreiros

por riba das novas construcións aclimatadas  
por riba da rapaza sen cola de cabalo sen carteira con  
divisións exactas e palabras divisas ás costas  
polo medio desta liña que, me consta, estarás lendo  
e a recta aínda non chegou ao seu final

gracias aos monstros e aos trasuntos, de qué  
maneira inacabada e feliz, gracias

moitas, moitas gracias sexan dadas ao señor  
-a calquera señor -que se chamou meu pai  
a áfrica por canto á deriva  
a lucy por fosilizarse  
a ti por non verme ante esta palabra dende a  
inexistencia a ti por gorecerte e pescudarme a ti por  
non vivir sempre por non ler xamais

este anverso que agardaba por ti dende que naceu



## ESTÍBALIZ de estibalizes

todas as que me foron e me portan invisible no seu número de serie

instantánea que pertence a outra maior e a outra maior

a miña criatura en usufructo

[escribín *a miña criatura* e de súpeto vinme na imposibilidade dun verso novo]

as trampas de ser felizmente incompleta

as trampas da historia encerrada nun verso en todo parecido a este:

non sigas lendo se non queres sucumbir

porque o seguinte que direi é que ti me debes algo máis que esa morfina de saberte grande

a trampa circunstancial de que son de calquera que me diga *trampa*

de que toda obra anónima estame adxudicada por dereito

e de que xamais aceptarei entregarme a outros postores

...e de tal forma os acantilados desta terra  
predispóñennos ao abismo.

A nós, os cyborgs cun pequeno corazón e un fígado  
pequeno.

Reproducímonos constantes nese frío.

Pero fomos como animais moi quentes, moi quentes.

Algunha vez...

E tivemos un nome.

E deixamos todo escrito dunha maraxe intacta,  
porque en nós se mesturaba a dor

coa parodia de nós mesmos, clons e *clowns* para nós  
mesmos,

namorados de nós por nós

ata unha fría extenuación que hoxe te escribe.

Teremos que salvarnos facendo outros versos que  
non falen destes versos.

Tamén o cyborg reproduce o medo ao orgasmo de  
estar só,  
como chegar aos abismos de Fisterra abrindo unha  
boca predisposta a ser chaga  
como rachar co guión do que se espera que diga.

Non sei o que se espera que diga.

De aí este recelo que identificamos como abismo  
pero que tamén chamamos

1

[...]

cando chegamos alí lembro que tiramos moitas fotos,  
moitas fotos, fotos que fitarán obscenas dentro  
doutras fotos. Nalgunha delas ha reptar aquela fina  
ironía forxada na boa letra dos perdedores

*Arbeit macht frei*

mentres, os vencedores rexentan as visitas guiadas  
ao inferno, a ortopedia de apilables *souvenirs* que  
ameazan con esmagar dunha vez por todas unha  
raqúitica memoria

volta contra eles

porque non lembro un só número daqueles seres  
nin a súa negada ata a extenuación beleza de  
autómatas

nin dentro deste texto, nin dentro daquel texto que  
os exclúe para sempre

*Amar ata partir en dous.  
Vulgaridade propia dos seres completos.*

libro do cinismo cyborg

e

[parte I]

...costas sinuosas, os perfís dos cristais de neve, os buracos do queixo gruyère. A poesía "recae" nas matemáticas e esta, á súa vez, outorga orde ao caos do non mensurable...

nunha definición de *neobarroco*, enciclopedia Encarta

*o infinito o infinito  
e unha vez máis  
o infinito*

libro dos insaciables

*a música está en nós como a auga está no cántaro de barro  
no barro mesmo do cántaro  
pese a que o cántaro estea baleiro*

libro do poema que te observa

AMADO infinito, eu son. Eu mírote sen comprender, e  
son. Non son ninguén e son. Ti, asimétrico. Ti,  
mirabilia. Ti, lente que me concentra. Lupa pola que  
nada ver.

Amado infinito que me agardas dende nunca.



MIÑA infinito xorde de pulsar as cadeas máis febles  
para facelas máis fortes, de antigos paradoxos da fe.  
Xorde para esconxurar seres perdidos, xorde da boca  
da nena afogada no fondo, no fondo de qué, no  
fondo cósmico e por baixo dela as lentas cidades que  
foron entre algas disxuntivas.

miña infinito dispositivo ou branco onde eu son todas

miña señor infinito un dous tres catro cinco seis....

PODERÍAS estar aquí  
pero estás aí

poderías estar aquí  
pero estás aí

poderías estar aquí  
pero estás aí

poderías estar aquí  
pero estás aí

poderías estar aquí  
pero estás aí

poderías estar aquí  
pero estás aí

poderías estar aquí  
o tempo toma o seu tempo

nin elevándome a n poderei superalo

SIGNIFICOU inalcanzable  
os feitos poéticos de pisar a lúa  
e medir os versos millonésimos dos decimais de pi

non me deixan pegar ollo  
dende máis ou menos  
dous mil douscentos anos

SENTIR na cabeça unha punta de aceiro  
que mira ao universo  
polas noites  
sen que ela o saiba  
só a sinta

*sobre a vértebra máis feble dos monstros  
construímos a nosa besta  
a inaccesible*

libro dos monstros

A BESTA antiga aniñaba no número  
cántos días de xonás, cántas noites no deserto

besta porque besta é o infinito  
malvado porque me burla  
delicioso e sutil e nunca

miña infinito miña señor das moscas  
cántos días exactos medirei para chegar a ti

# d e t r i t u s

1.- o mundo é o que é irrespirable

1a.- eu, as miñas cálidas formas de vaso, a intemperanza, é/son irrespirables

1b.- ti, a túa maneira de pasar a páxina, os fondos de ollo que te esperan, é/son irrespirables

2.- o mundo de ti e máis eu comporta e esgota a circunferencia mundo

3.- a circunferencia mundo ten o seu centro nesta páxina e o seu perímetro no significado aplicable a esta frase

3a.- o significado aplicable a esta frase non prescinde do momento e a relación

3b.- o significado aplicable a esta frase dura tanto coma a miña estirpe

4.- aquí vai frío

5.- pero estase ben aquí

TODAS as miñas matrices inversas, as laboratorias  
onde a oración se queima. As probetas onde ensaio  
unha función sen final para un só anxo, un só anxo  
de tinta reproducida, os ollos podres, labios como  
desdebuxándose, ollos, boca, dentes  
desdebuxándose.

Quen retén a beleza?  
Que usurpa ese poder  
e mo denega?

eu todo podería esquecelo. Tal é a miña capacidade.  
Tal a opacidade do infinito.

Que nos enxendra.

Que nos estende.

Bocas contra a necesidade  
de morderse.

desaparecendo

e



e

(parte II)

*busqueino*  
*busqueino*  
*busqueino e non o achei*

libro da impericia

LARGAMENTE a Tinta refai no seu frasco-  
Tinta que é o sabor do intenso, da cor da primeira  
palabra

e se vos dixese que non houbo primeira palabra

que chegamos cheos de mans a referir o sucedido  
igual que as bestas reproducen a caza que as  
enxendrou

E SE vos dixese que toda escritura é unha plasmación  
do silencio

que o que teño entre mans  
é a alta empresa da irreverencia

resístome a crer que todo isto signifique algo  
resístome a crer que toda esta terra  
precise de tanto cualificativo

pero o meu sangue xa mancado pola letra  
os nomes que o meu avó lle deu ás cousas

este torrente de *serei* que nos afunde na casa  
e fainos libres

libres para roer os ósos máis selectos  
sen dicir nin palabra, como convén

desculpa que te trouxese enganado ata aquí  
porque non penso dicir máis nada

AS palabras párente vivo  
son a reconciliación que ameaza a vida coa morte

e tes esa fácil desculpa para enumeralas e con elas  
enumerarte a ti

que desde que te coñezo non hai senón conta atrás  
sutilmente camuflada baixo un disfraz de cifras

a toxicidade que me fai autómeta, esquiva  
e as miñas xemas xa tocan ese ceo do nunca antes  
dito  
xa roen os vocablos  
para incrustalos nas conchas

e veñen os cabalos desde máis arriba  
desde máis arriba con qué forza se aproximan os  
cabalos

con cal forza

OS números primos

a primacia dos números primos

os primordiais números primos

eu, a número primo

ti, o número primo

primeiro primates, logo números primos

inmortais coma números primos

intocables a berrar *cómeme*,

e o teu nome coma un cristal de neve polo que ver  
este poema

naturais                      pero primos

irracionais                    pero primos

cunha absurda realidade que suscita ás delicias que  
nos dividen

que incita a máis números primos  
e moitos, moitos máis números primos

e así toda unha vida dentro de nós mesmos, números  
primos  
a soñarnos, parodiarnos, desafiarnos números primos  
a sabernos tan tristes e tan primos

entre a estupidez da perfección que sempre salda  
toda conta  
e o terceiro canto do galo no que negarse para un  
renacer

QUIXERA para min o número 7. Facer un acto primitivo e dicirme: velaquí o teu número 7, o que querías, o que almorzabas cos dentes da ignorancia, o significado inconsecuente que ata as últimas consecuencias 7.

7 para min, que son todas

debaixo da túa cama de nena, na pupila seca do pallaso de madeira, no reloxo cun rei e unha espada, na instantánea de min mesma suxeitando este poema, artefacto do meu cosmos no que todo [¿entendes? todo] todo era por ti, a tramoia, a trapela, o Mago poñendo a funcionar isto que impa e ri e devece e que veño a ser eu termando dunha fotografía na que termo dunha páxina na que termo dunha historia que desemboca en ti, a túa boca, ti

un 7 de ardor puro busca os teus ollos de emperatriz e quere vivir ao teu lado esa secreta procesión de números exactamente igual ao número de versos que debes procurar



QUERERÍA dicir a verdade sobre todo.

Dicir, por exemplo: este mundo xira sen ti, pero sen ti os astros apodrecen.

Pero sen ti os astros non resisten, é tan fermoso de dicir

de pensar: esa responsabilidade que nos une ao helio.

Pero é a materia unha imaxinación tan populosa.

A verdade sobre todo: os planetas, así chamados por errantes,

aseméllanse con insolencia ao meu cerebro que cre, por riba das cousas, na insolencia. Ata ónde chegaría o meu berro

se se me dese por berrar. Se se me dese por berrar e rebentar toda cúpula que te aprisiona.

Que te aprisiona pero é o canto a navalla.

E o canto a navalla di:

Non teño nada máis que o ceo.

E quen coñece os límites do ceo.

Eu, que queimaba as fronteiras de ser prodixio.

Ninguén aprenderá esta liña de memoria.

Por riba da terra queimada, quén saberá de min. Un  
mecánico ollo que durou o que unha estrela de noite  
a noite.

E dirán que non me coñecían.

E poñerán a miña cabeza nun libro, para desgusto  
dos homes.

E prenderei este plástico na boca e nunca  
nunca

apartarei os meus ósos da sen terra que me acolle.

O exilio é o canto principal de toda vida.

A tarefa principal que me sustenta.

E ninguén dirá estas liñas  
coa boca posta a queimar  
entre os cometas.

Nin as aprenderán as nenas

*a ti, por exemplo*

todo podería esquecelo

eu que son eu que son eu que son eu

e loito sen saberme [ ti saberasme máis]

e nacín nunha páxina do teu libro, xusto ao borde,  
feminino e canso

terribilizando, tal é o meu leite de verbos

e ti coñeces os meus límites de fera, en ti,

pero ti non me coñeces

e eu estenderei os meus dedos de sangue a miña pel  
que vista o universo

universa de min mesma para enxendrame da ova  
sucia

ti non me coñeces e sabes todo de min

sabes o futuro desta liña que descansará na túa man

sabes o que miro cómo o miro, a escaseza dos meus  
ollos que deron título a estes textos

podes pasearte impune pola orela de min violarme  
cos ollos voltos cara atrás e verme tan virxe como se  
levitase

como se tivese a túa area contra os ollos e non  
puidese verte

cómo maxicamente pulsar as túas contras para que  
te abras

non sei quén es

non sei quén es

## ANTES de marchares

quero  
prender  
o teu rostro  
na memoria  
[que aínda non teño:  
nun enxerto de memoria  
para unha futura clon]

# Índice

miña infinito 7

Cando conte dez chegarás ás miñas palmas...

10 13

9 15

8 18

7 20

6 23

5 25

4 26

3 29

2 33

1 34

e [parte 1]

...

Amado infinito, eu son...

Miña infinito...

[a muller escribe coma alucinada....]

Poderías estar aquí...

Significou inalcanzable...  
Sentir na cabeza unha punta de aceiro...  
A besta antiga aniñaba no número...  
detritus  
Todas as miñas matrices inversas...

## e [parte 2]

49

Largamente a Tinta refai no seu frasco...  
E se vos dixese que toda escritura...  
As palabras párente vivo...  
Os números primos...  
Quixera para min o número 7  
Querería dicir a verdade sobre todo...  
todo podería esquecelo...  
Antes de marchares...